

**FAINOS CAMBIAR A SITUACIÓN
E A PROPIA EVOLUCIÓN
DA VIDA, NON?:
IDENTIDADE E PERFORMANCE
EN NARRATIVAS
RELACIONALMENTE MEDIADAS**

NOEMI BASANTA

Instituto da Lingua Galega

Universidade de Santiago de Compostela

*Temos sete vogais, OouieEa,
para xemer e arfar*
LEO E ARREMECÁGHONA, «Rural Love»

1. INTRODUCCIÓN

No presente artigo analizaremos os procesos de construción das masculinidades heterosexuais que emerxen nunha conversa espontánea na que participan un grupo de homes adultos procedentes do rural galego. Para tal fin, defendemos un marco de análise que considera as identidades como resultado de interaccións lingüísticas.

Con todo, se ben o foco principal será a análise de xénero, sumarémonos aos estudos que argumentan que as categorías sociais non se crean de maneira illada senón que interactúan con outras como pode ser a etapa vital, a etnicidade ou a clase. Neste sentido, mostraremos como a temática de ligar non só permite que as persoas proxecten identidades moi diferentes senón que todas elas contribúen a (re)definir a de xénero.

Así mesmo, tamén teremos en conta a perspectiva da Análise do Discurso, que nos ofrece ferramentas para mostrar a importancia das ideoloxías na emerxencia e negociación identitaria. Argumentaremos que as identidades son continxentes, isto é, un produto discursivo que xorde da intersección entre discursos sociais e proxeccións persoais. Neste sentido, o corpus conversacional que se recolle no traballo tamén nos permitirá visibilizar normas sociais arredor do ligue, servíndonos da análise sobre a reconstrución do pasado —a mocidade— que manifestan as persoas participantes.

2. A POSMODERNIDADE E O PRINCIPIO RELACIONAL NA CONSTRUCCIÓN IDENTITARIA

Nos últimos vinte anos, os estudos sobre identidade caracterizáronse pola acentuada tendencia á interdisciplinabilidade. Esta circunstancia permitiu elaborar

definición cada vez máis complexas que facilitaron un importante cambio de paradigma. Supuxeron o paso de entendela como un produto que preexiste e, polo tanto, determina os individuos, a definila como un proceso de construción continuo e autorregulado, caracterizado pola fluidez, a complexidade, a pluralidade e o condicionamento contextual (Grad / Martín Rojo 2008; Llamas / Watt 2010; Mills 2011; Benwell / Stokoe 2011).

As revisións posmodernas provocaron profundos cambios epistemolóxicos que incidiron no carácter múltiple e híbrido que constituiría as potenciais identidades que os individuos poden construír a través de diferentes prácticas semióticas como actores ou actrices sociais. Esta perspectiva dramaturxica aséntase sobre as teses de Goffman (1969) que mostran que as persoas son capaces de presentar diferentes caras nas interaccións dunha maneira máis ou menos consciente e dependendo do contexto. As súas hipóteses cristalizaron con forza nos estudos da Análise do Discurso (Foucault 1972; Fairclough 2003) e na Sociolingüística Interaccional (Gumperz 1982a; 1982b), dúas disciplinas que enfatizaron a orixe dinámica das identidades no seo de diferentes prácticas sociais entre as que ocupan un lugar privilexiado as prácticas discursivas. A finalidade destas correntes é establecer unha relación entre as maneiras que as persoas teñen de falar e de participar na sociedade. Porén, non se trataría simplemente de delimitar correlatos entre formas lingüísticas e estruturación social senón de ver como as ideoloxías se atopan na lingua. Para o seu desenvolvemento tiveron unha relevancia fundamental os traballos feitos desde a perspectiva indexical iniciados por Silverstein (1976) e posteriormente ampliados desde a perspectiva de xénero por Ochs (1992). Así, as investigacións comezaron a analizar como a escolla dunha lingua ou diferentes maneiras de falar non reflicten quen somos senón que nos constrúen, ou mellor dito, permítennos facelo (Joseph 2010; Cameron 1997; Livia / Hall 1997).

Quizabes unha das perspectivas que proporcionou a maneira máis frutífera de entender a identidade en lingüística foi o construcionismo social (Cameron 1997; 2005) baixo a asunción de que a identidade é un proceso que (i) ten lugar nun contexto interaccional concreto, (ii) que se realiza a través de estratexias lingüísticas moi variadas que non responden a patróns predeterminados e (iii) que non se produce simplemente no individuo senón que ten orixe na negociación discursiva. Todas estas redefinicións afectaron á maneira en que os estudos de

xénero formularon as identidades e moi particularmente o concepto de masculinidade. Supuxo o paso de analizar trazos e estratexias discursivas supostamente masculinas (Tannen 1991; Coates 2003, 2013) a entender a masculinidade como “a set of indexical resources that are mobilised by a variety of people —regardless of the genitalia they possess— to serve ambiguous, competing and contradictory agendas” (Milani 2015: 29).

Unha vez máis, a negociación discursiva, necesaria para desenvolver a teoría indexical, recórdanos os postulados dramatúrxicos de Goffman (1961, 1969) mais tamén as teorías da performance (Butler 1990) por asumir que a identidade é o resultado da subxectivación dos roles empregados nunha interacción con outros individuos situados dentro dese mesmo contexto. Esta premisa constitúe un punto de partida excepcional para reflexionar sobre a importancia da relacionalidade como condicionante nos procesos de construción identitaria. De acordo con Bucholtz e Hall (2005) é necesario destacar que (i) as identidades nunca son autónomas senón que adquiren significado social en relación con outras posicións identitarias e outros actores ou actrices sociais e que (ii) se constrúen atendendo a relacións de moi diversa natureza como pode ser a semellanza/diferenza ou autoridade/deslexitimidade, entre outras. De acordo con isto, a construción identitaria estaría mediada polas persoas que participan nas interaccións até o punto en que son elas as que, en boa medida, tamén nos co-constrúen.

Non obstante, se ben a relacionalidade constitúe un condicionante de primeiro nivel tampouco podemos pensar que é posíbel actuar illadamente respecto das ideoloxías grupais (Tajfel e Turner 1979, 1986; Meyerhoff, 1996). Particularmente, a Análise do Discurso mostrou como as identidades sociais aparecen dentro das interaccións e como se crean, reproducen, negocian, impoñen ou mesmo se resisten a través dos discursos. A perspectiva crítica focaliza precisamente sobre o maior ou menor poder que rodea eses discursos e a influencia que exerce nas construcións da identidade persoal, contextualmente e relacionalmente determinada (Van Dijk 1993). Con todo, tamén nos alerta de que na maior parte dos casos a carga ideolóxica nas maneiras de percibir o mundo non ten un correlato explícito coas maneiras de falar. Pola contra, os discursos son invisíbeis porque moitas veces se perciben en base ao suposto *sentido común* (Fairclough 1995).

As persoas, como membros dunha ou varias comunidades, envían e interpretan sinais que non simplemente amosan nun contexto dado senón que crean, manteñen e performan para autoadscribirse —ou non— a un grupo e ao mesmo tempo perfilar as fronteiras da alteridade. Por definición, estas caracterizacións son construídas en tanto a que a identidade de grupo esencializa as diferenzas e convérteas en caracterizacións distintivas. Porén, unha vez delimitadas existen como representacións mentais que as tornan cada vez máis reais (Bourdieu 1991) e efectivas. Estas comunidades podemos entendelas como grupos máis ou menos pequenos que poden abranguer desde un conxunto de persoas amigas ata macrocategorías como o xénero, a clase, a sexualidade ou a etnia. Precisamente por este motivo se popularizou en lingüística a análise das *comunidades de práctica* que teñen orixe na teorización sobre os procedementos de ensino-aprendizaxe (Lave e Wenger 1991; Wenger 2000) mais que foron impulsadas na sociolingüística por Eckert e McConnell-Ginet (1992) como unha maneira de teorizar a relación entre xénero e prácticas lingüísticas. A análise das comunidades de práctica caracterízase porque non identifica os grupos sociais en virtude de características abstractas —xénero, clase etc.— ou pola simple copresenza das persoas participantes —as que se xuntan no lugar de traballo, por exemplo— senón en base ás prácticas lingüísticas que amosan nun contexto concreto. É no decurso dunha actividade que os individuos forman unha comunidade que desenvolve maneiras de falar, valores, relacións de poder e formas de pensar. Como consecuencia, enténdese a identidade primeiramente como un procedemento de creación de significados no que as e os falantes toman parte como axentes. Desta maneira, é como se destaca a creatividade e a axencia, a fluidez e a posibilidade de cambio que promove o condicionamento contextual.

3. CORPUS E METODOLOXÍA

Este traballo examina desde unha perspectiva interdisciplinar, centrada na Sociolingüística Interaccional e a Análise Crítica do Discurso, a construción discursiva das identidades de xénero e sexualidade dun grupo de tres homes dunha pequena vila ourensá, heterosexuais, amigos entre si, que roldan os cincuenta anos e aos que se lles pediu que falasen de mocear. A proposición temática foi realizada pola investigadora inmediatamente antes de abandonar a sala e destacando a posibilidade de que os individuos a desenvolvesen desde a perspectiva que quixeren.

Como resultado obtivemos vinte minutos de gravación que analizaremos parcialmente no presente traballo e que forman parte dun proxecto de investigación máis amplo no que se recollen homes e mulleres. Cómpre destacar que en todos os casos nos esforzamos por xerar unha rede de confianza entre investigadora e participantes mediante a figura de persoas intermediarias que foron as que crearon os grupos conversacionais botando man das súas amizades.

Coa vontade de identificar diferentes discursos, isto é, maneiras de falar e (auto)representar (Fairclough 2003), esta análise céntrase particularmente nas narrativas biográficas como unha maneira de construír un “eu” e/ou un “nós” presente como unha continuación coherente do pasado. Con todo, non se limita á identificación de discursos sociais en base a feitos lingüísticos particulares senón que este traballo está especialmente interesado na negociación deses discursos durante as conversas. Para tal fin é precisa unha perspectiva microanalítica que permita explorar as flutuacións argumentativas que teñen lugar durante a interacción cando os falantes se colocan ou non dentro de discursos vinculados a un tema determinado e en relación aos posicionamentos das outras persoas que forman parte do grupo conversacional e/ou dos grupos identitarios que constrúen no decorrer da conversa.

As teorías sobre o posicionamento teñen orixe na sociolingüística variacional (Labov 1966) ao tomar como punto de partida a importancia da relación entre as identidades particulares e as macroestruturas sociais. Con todo, de acordo con Bucholtz e Hall (2005), os traballos labovianos resultaron ser moi frutíferos na delimitación de tendencias sociolingüísticas a grande escala pero menos efectivos detectando a flexibilidade nos tipos de relacións identitarias que teñen lugar en contextos locais. Tendo en conta isto, defenderemos as análises sobre o posicionamento como unha maneira contemplar a existencia de macrocategorías precisando que só son significativas cando os individuos se adscriben a elas nun determinado contexto. Durante ese procedemento emerxen negociacións entre as persoas participantes que, en boa parte dos casos resultan ser moi complexas e que, á súa vez, mesmo provocan cambios que modifican ou adaptan os grupos aos que potencialmente as persoas se poden adscribir.

Para poder interpretar as escollas discursivas e os condicionamentos relacionais é necesario focalizar a análise en feitos lingüísticos particulares (Antaki *et al.* 2003). Por ese motivo, este traballo alínase coa perspectiva discursiva do construír

cionismo social, que destaca a necesidade do nivel microanalítico a pesar de non aceptar que as categorías sociais só poidan detectarse e ser analizábeis cando son explicitamente destacadas polas persoas participantes nas conversas (Wetherell 1998; Bucholtz 2003; Holmes 2007).

Colócase, pois, na liña que seguiron moitos estudos de xénero e masculinidades (Coates 1991, 2003, 2013; Pujolar 1997; Johnson e Meinhof 1997; Cameron 1998; Milani 2015), e no conxunto de investigacións que xa se fixeron no contexto peninsular e galego (García Mouton 1999; Santaemilia, Gallardo e Sanmartín 2002; Vigara Tauste e Jiménez Catalá 2002; Acuña-Ferreira 2009, 2011 ou Acuña-Ferreira e Álvarez-López 2003). Tendo en conta isto e destacando o enfoque da influencia mutua entre categorías sociais de Pichler (2009), analízanse posicionamentos a grande escala como o xénero, clase, sexualidade, etapa vital ou etnicidade, atendendo a outros máis locais e tendo en conta o principio relacional.

4. A CONSTRUCCIÓN DAS IDENTIDADES NAS NARRATIVAS SOBRE O MOCEO

4.1. Remontarse á mocidade ou a importancia da etapa vital

Comezamos a análise observando o inicio da conversa, o momento no que a investigadora propón o tema a tratar. Amadeo rapidamente trae á memoria colectiva a figura dunha muller que todos coñecen: “a pequeniña dos pantalos verdes”.

Extracto 1: A pequeniña dos pantalos verdes

1	Noemi	¿foi-vos ben si?
2	Nemesio	mui ben
3	Amadeo	si
4	Noemi	pois: cámbio-vos de tema outro cachiño e xa
5	Amadeo	vale
6	Noemi	que me quedaron aquí as chaves e {<dúbida> m;} que
7		faledes de mocear do que queirades de mocear: de: de
8		mocear

- 9 Nemesio ¿de? ||
 10 Noemi como facían os vellos | como: || o que queirades || os novos ||
 11 o que queirades ||
 12 Nemesio (risas) ||
 13 Nemesio (risas) || (risas) ||
 14 Lourenzo (risas) ||
 15 Amadeo {<valoración> oi} | eso: | parece un tema tan distinto ||
 16 Nemesio (risas) || (risas) ||
 17 Amadeo é como | é como ó mellor <incomprensíbel> || (risas) eiquí |
 18 habrá que se remontar-e | á pequeniña dos pantalois verdes ||
 19 Nemesio (risas) ||
 20 Amadeo {(risas) claro} ||
 21 Lourenzo (risas) ||
 22 Nemesio no | (risas) ||
 23 Lourenzo esa era a de { <nome propio> braulio} | ¿ou? || ¿non? ||
 24 Nemesio (risas) ||
 25 Amadeo no: | esta era a deste || a {<nome propio> xosefa} de {<nome de
 26 lugar> chagazoso} || resulta que # ||
 27 Lourenzo {<valoración> ah:} ||
 28 Amadeo este chamába-lle a pequeniña dos pantalois verdes ||
 29 Nemesio ¿chamábas-ll-o tu! | (risas) ||
 30 Amadeo ¡no! ||
 31 Lourenzo (risas) ||
 32 Nemesio puñéche-ll-o tu ||

Esa “pequeniña” supón un ítem indexical de gran proxección. En primeiro lugar, porque a presenta como un arquetipo, é unha muller sen nome, e ademais como a receptora da acción do ligue porque sabemos que Nemesio tivo algún tipo de contacto que xerou dinámicas de relación con ela: “era a deste”. O feito de focalizar a acción sobre un suxeito feminino, en principio sen nome, posiciona os individuos como potenciais axentes nun hipotético encontro heterosexual. É desta maneira como, discursivamente e mediante a apelación ao ligue pasado dun deles, se torna significativa xa desde o primeiro momento a identidade masculina e heterosexual.

O nomeamento da “pequeniña” non é unha cuestión menor porque ao longo de toda a conversa veremos que este grupo conversacional é moi preciso na delimitación dos nomes das persoas sobre as que falan. Por este motivo, a muller

que nun inicio se empregaba como arquetipo para indexar xénero e sexualidade convértese rapidamente na “Xosefa de Chagazoso”. Na maior parte dos casos, as identificacións realízanse a través dos nomes propios e a localización xeográfica. Non obstante, nalgúns outros exemplos afóndase máis aínda nas relacións de tipo familiar —“filla de” e/ou persoal “a de braulio”, “a deste”— que rodean a persoa da que se fala. De acordo con Mariño Ferro (2000) esta maneira de nomear sería moi común no territorio galego e tería que ver co feito de que a familia sexa a unidade económico-social maioritaria da Galiza rural.

Tal e como propón Prego-Vázquez (2003), estas denominacións posúen unha acentuada carga indexical porque realizan funcións de identificación relacional e local. Segundo isto, a elevada presenza de nomes propios presentes nesta conversa serviría para contextualizar as accións narradas no marco das relacións persoais que o propio grupo conversacional mantén. Isto é, falar de persoas que todos coñecen reforza os lazos como membros da comunidade local da que forman parte e tamén como amigos que coñecen as historias que perfilan as fronteiras desa mesma comunidade. Anna de Fina (2009) acuñou o termo *espacialización* precisamente para mostrar como os lugares que aparecen nas narrativas non son simplemente espazos que enmarcan as accións senón que tamén poden constituír elementos importantes para os mecanismos indexicais. Neste caso, a pelexa por decidir quen colocou o alcume de Xosefa oscila, tal e como vimos, desde o tránsito das identidades de xénero e sexualidade —a través da non nomeada— ata outras máis de tipo local e de pertenza a unha comunidade ou amizade —a través do nome propio e a referencia xeográfica a “Chagazoso”.

Un segundo elemento importante deste primeiro fragmento ten que ver coa interpretación que os falantes amosan a respecto do acto discursivo. Comezan o tratamento da temática proposta argumentando a necesidade de “remontarse” á pequeniña. Este verbo indicaría a vontade de comezar unha historia para a que é necesario ir a un punto do pasado e, polo tanto, apelar á memoria do que algún día foron coa finalidade de poder explicar aquilo que agora son. De acordo con Atkinson (1998), esta é unha das grandes xenialidades das narrativas, a posibilidade de controlar as accións e as personaxes narradas para construír no discurso un eu presente como continuación dun pasado que se controla desde as actuais expectativas e finalidades.

Non obstante, desde unha perspectiva discursiva, a focalización inmediata sobre o pasado tamén nos descubre ideoloxías arredor da actividade do ligue. Este grupo trata a mocidade como o momento idóneo para ligar, feito que aparece reforzado na insistencia sobre a franxa etaria da “pequeniña”. Alén diso, tal e como despois veremos no Extracto 2 da conversa, sempre colocan os verbos en pasado se falan da súa vinculación co moceo. Isto acontece non só cando estes verbos os referencian directamente “<eu> iba mocear” senón tamén cando o fan en abstracto como homes “cuando se iba mocear”.

Porén, apelar a ese pasado non só incorpora ideoloxías arredor da mocidade como o momento propicio para o ligue senón que tamén constitúe un importante mecanismo de (auto)definición identitaria. Amadeo, Nemesio e Lourenzo apelan a un pasado no que foron novos e ligaban, feito que lles permite construírse agora como adultos en tanto a que as historias que narran son pasadas e, polo tanto, retratan sucesos do que foron e non do que agora son. Simultaneamente falan da súa dispoñibilidade en termos de pasado porque o ligue só se contempla na franxa etaria da súa mocidade e desa maneira tamén constrúen actual estado civil —familiar e social— como casados.

Neste punto cumpriría destacar a forza do principio relacional porque estes homes mostran unha acentuada tendencia a construír un grupo sen fisuras. Tal e como comentamos, a “pequeniña dos pantalóis verdes” que inmediatamente despois se converteu na “Xosefa de Chagazoso” serve nun primeiro momento para construír masculinidade e heterosexualidade; e máis tarde identidade local, amizade e tamén madurez vital. Esta construción realízase mediante dinámicas de oposición a respecto da pequeniña e o momento no que ela viviu á par de dinámicas de similitude entre os membros que conforman o grupo conversacional. Alén diso, tal e como veremos no seguinte extracto, a oposición a outros homes tamén lles vai permitir construír grupo conversacional homoxéneo indexando, nomeadamente, a etapa vital.

4.2. As finalidades do ligue: pasar o tempo e/ou aproveitalo

No Extracto 2 vemos como Amadeo, Nemesio e Lourenzo continúan coa súa proxección sobre o pasado establecendo unha distinción co presente, “aquelo era outra cousa”, a propósito das maneiras en que as persoas mocean.

Extracto 2: Pasar o tempo e/ou aproveitalo

- 33 Nemesio e | antes cuando iba mocear: | aquilo era: || outra cousa ||
 34 Amadeo cuando se iba mocear | pero | depende | depende que || (risas) ||
 35 Nemesio (risas) ||
 36 Amadeo {(risas) unhas veces moceába-se dunha maneira e outras veces doutra} ||
 37 Lourenzo nunha sala pequena ||
 38 Nemesio <tose> ||
 39 Lourenzo pa pasa-lo tempo | i-outras era pa aproveita-lo ||

Isto sérvelles para delimitar unha oposición entre eles como os homes heterosexuais que algún día foron axentes —“antes cuando se iba mocear”— e os que son agora. Indirectamente constrúen etapa vital matizando a axencia no ligue porque todos os suxeitos masculinos sobre os que falan, tanto os de antes como os de agora, se relacionan coa actividade de mocear mais non da mesma maneira: “aquilo era outra cousa”. En primeiro lugar, este grupo, tal e como vimos, establecía unha fronteira que adscribe a idoneidade ás franxas de idade novas das que eles agora non forman parte. Polo tanto, son adultos en tanto que foron novos porque participaron desa actividade e agora xa non o fan. En segundo lugar, tamén constrúen madurez opoñéndose ás xeracións novas ao reforzar a idea de que as maneiras cambiaron porque os rapaces novos que agora poden ligar non o fan como eles o facían.

Con todo, semella necesario un reaxuste discursivo que permita compatibilizar o desencontro xeracional e a coherencia arredor das identidades de xénero e sexualidade. Precisamente por iso presentan matizacións ante as diferenzas nas maneiras. Así é como puntualizan “Pero depende, depende porque {(risas) unhas veces moceábase dunha maneira e outras veces doutra}” o que implica que, aínda que en xeral as “maneiras” no pasado fosen outras, cabería a posibilidade de aliñarse nalgúns casos coas actuais. Resultaría especialmente interesante sermos capaces de delimitar cal é a interpretación que subxace ás diferentes maneiras de ligar ás que aluden e que posteriormente teñen un correlato con “pasar o tempo ou aproveitalo” porque precisamente o que neste caso os define como homes é a compatibilidade de ambas as finalidades que se alternaban dependendo da ocasión: “unhas veces moceába-se dunha maneira e outras veces doutra”. Así, o feito de existiren mudanzas desde cando eles eran mozos —“aquilo era

outra cousa” — constrúe dúas xeracións de homes en base ás maneiras: os novos e os vellos. Non obstante, o feito de compatibilizar ambas —“pasar o tempo ou aproveitalo” — é o que os aglutina dentro das categorías de xénero e sexualidade como suxeitos que as practicaron nun contexto no que as mulleres serían as destinatarias.

Eckert (1997) foi unha das primeiras que destacou que para a sociolingüística resulta moi produtiva a distinción entre etapas vitais e idade cronolóxica. Disto dá testemuño o noso corpus, xa que a acción narrada focalízase sobre a idea do “tempo”, un concepto que está directamente vinculado coa construción das etapas vitais mais sen que exista a dita correspondencia cronolóxica. Se ben o tempo resulta unha variábel de primeiro nivel para a delimitación delas, tal e como vimos, a mocidade é a época propicia para o ligue e o tempo non só “pasa” deixando atrás esa etapa senón que ademais, a acción de mocear require investir tempo cada vez que se fai.

Neste sentido, a distinción entre “pasar” e “aproveitar” implica que existen dúas maneiras diferentes de entender o ligue en relación ao tempo. Por unha banda, o ligue pode ser unha finalidade en si mesma, isto é, unha maneira de vivir a mocidade e, polo tanto, investir correctamente o tempo máis propicio para as ditas tarefas. Esta circunstancia produciríase porque existe un correlato entre a actividade do moceo e a súa idoneidade nesa etapa vital. O feito de entender que o tempo se “pasa” e non se “aproveita” implica asumir que a importancia do ligue non transcende a propia acción. Polo tanto, só serve para construír etapa vital e transcorrer por ela sen que a potencial receptora entre en xogo máis que como o medio para permitirlles presentarse como homes novos dentro deste cadro ideolóxico-social que acabamos de debuxar. En contraposición, “aproveitar” o tempo non asume mocear como unha finalidade senón como o medio para obter un fin. O tempo “aprovéitase” en tanto que se obtén algún proveito para alén da construción identitaria derivada da propia acción. O beneficio xa non é, polo tanto, a acción senón o resultado desta, unha argumentación que nos leva a focalizar directamente sobre a destinataria do ligue. Cabería preguntarnos entón como se constrúe a relación coas mulleres en termos de beneficio.

Se seguimos a argumentación lóxica, a mocidade é o momento de ligar e polo tanto de investir o tempo nesa actividade. Por ese motivo, se algún proveito se

obtén debería ser o suficientemente efémero como para que non impida continuar exercendo a actividade de mocear durante esa etapa vital. É así como aos poucos detectamos ideoloxías a respecto do ligue, a mocidade e a masculinidade. O ligue é un fin para construír etapa vital pero tamén é un medio para a heterossexualidade e masculinidade cando a muller é receptiva. A idoneidade destes dous tipos de aproveitamento estaría relacionada coa etapa vital, de maneira que o sexo esporádico é o esperábel durante o transcurso da xuventude porque non impide seguir ligando, ou sexa, construíndo mocidade desde a actividade que a define. Pola contra, o relacionamento amoroso sería o apropiado no tránsito a outra etapa vital, a idade adulta, na que mocear xa non é unha actividade que a caracteriza socialmente.

4.3. O desafío da mirada feminina

As narrativas e as anécdotas poden constituír unha boa maneira de detectar as ideoloxías que estruturan a nosa cultura e o coñecemento sobre o mundo. No Extracto 3, este grupo de homes conta a historia dunha muller que mira fixamente para os xenitais de Amadeo, unha acción que é interpretada polo sector masculino como algún tipo de requirimento. O resultado é que o home intencionalmente se fai o despistado ata que finalmente culmina dunha maneira máis ou menos satisfactoria ese encontro.

Extracto 3: Matar o porco

40	Nemesio	eu que eu acórdome unha vez que de# de ir o de ir pasa-la
41		ponte era onde pillou: a carretera pús corzos e: descalzo
42		pola: pola carretera arriba hasta onde entr# entraba o
43		camiño aquel pra {<nome de lugar> barxelas} e: e cuando
44		cheguei ó río xa resbaráron-me os pés xa pra baixo cuando a
45		outra che miraba prós collós (risas)
46	Amadeo	(risas)
47	Nemesio	(risas) ¿acórdas-te? este tu levabas
48	Amadeo	porque acordo
49	Nemesio	non era baña# non sei se era bañador ou: medio esfarrapado
50		ou non sei como entonces salía-se-lle así por: por un
51		lado

- 52 Amadeo sentei-me así nunhas follas ||
 53 Nemesio i-a | a {<nome propio> marcela} estaba así || en frente dunha
 54 est# || taba así || i-este parece que ó principio quería como
 55 face-lo despistado | e ta# | para despois mata-lo porco ||
 56 Lourenzo e despois: ||
 57 Nemesio hasta que dixo | “;e logo que carallo | vou aí e boto!” | (risas) ||

Unha análise pormenorizada descóbrenos unha división tripartita da acción que rodea o concepto de ligue e que complica os roles tradicionais do varón cazador e a muller que é tomada como presa dependendo, en boa medida, da pericia e/ou atractivo masculino. Así, distinguiremos tres axencias que conformarían o que ideoloxicamente este grupo entende como ligue: a iniciación, o flirteo e a resolución.

Nos termos en que se formula a historia, a “iniciación” é unha actividade atribuída a Marcela, unha muller que mira a Amadeo e que desa maneira amosa a súa disposición a flirtear. Podemos deducir a intencionalidade feminina que o grupo constrúe no discurso ao insinuar que finalmente houbo un encontro entrambos protagonistas mediante a metáfora “matar o porco”. Sexa como for o acontecido, o certo é que a mirada de Marcela revela unha acción indirecta xa que en ningún momento toma ela a iniciativa. Semella que a finalidade é promover que a acción explícita sexa levada a cabo polo suxeito observado, neste caso un home.

Tendo en conta isto, entenderemos que a “iniciación” pode desencadear dous tipos de resposta: aceptación ou negación. En caso afirmativo pasaríase á seguinte fase, á que chamaremos “flirteo”, e que claramente se vincula a un suxeito masculino porque os feitos que se narran son atribuíbeis a persoas heterosexuais. Nesta historia, o destinatario sería Amadeo quen primeiro se “fai o despistado” e máis tarde “mata o porco”. Así é como este grupo presenta unha negativa que posteriormente se converte nunha afirmativa poñendo énfase sobre a axencia masculina en tanto a que Amadeo é quen “mata”, nesa expresión metafórica sobre a que despois nos deteremos. A imaxe de “matar o porco” sitúase xa a medio camiño do terceiro dos estadios, a “resolución”, porque non só mostra a axencia de Amadeo senón tamén a aceptación final de Marcela. Esta resposta feminina como consecuencia do flirteo está directamente vinculada coas nocións de “pasar o tempo ou aproveitalo” que referenciabamos no Extracto 2 porque a aceptación colócanos no plano do beneficio extra en termos de encontro mais ou menos sexual e/ou relacionamento amoroso.

Un aspecto especialmente interesante deste mesmo fragmento é a posibilidade que nos ofrece de dilucidar se existe algunha explicación que nos permita entender a negativa de Amadeo e o seu cambio de opinión en base ao modelo tripartito —iniciación, flirteo e resolución— que acabamos de explicar. Esta circunstancia será clave para defendermos a hipótese de que existe unha distribución ideolóxica da axencia na “iniciación” e no “flirteo” en función dos dous sexos, home e muller, que se contemplan nesta conversa.

Se entendemos que o ligue se divide en tres accións que se suceden, podemos afirmar que unha negativa na primeira delas, a “iniciación”, imposibilita o paso ao seguinte estadio e, polo tanto, que o “flirteo” poida producirse. Neste caso, cabería pensar que existe algún conflito social na mirada de Marcela porque Amadeo non só non flirtea senón que se “fai o despistado” para finalmente cambiar de opinión. Unha persoa que se despista é aquela que non detecta unha pista, isto é, un indicio ou pegada que se lle deixa. Non obstante, quen se fai o despistado oculta deliberadamente a súa percepción. Isto fainos pensar que o finximento é a proba dalgún tipo de incomodo ante unha situación que, por outra parte, tamén provoca o riso dos tres participantes da conversa.

Tal e como vemos no extracto, existe un esforzo por marcar discursivamente o lugar a onde se dirixe a mirada de Marcela. De feito, é tan relevante que no momento en que Nemesio presenta a anécdota da “outra que che miraba prós collós”, Amadeo e Lourenzo recoñécena inmediateamente sen que sexa necesaria máis información. Cabería pensar, polo tanto, que non é socialmente aceptábel que unha muller focalice a mirada nesa parte anatómica masculina e precisamente a excepcionalidade fai que todas as persoas recoñezan ao momento non só a anécdota senón tamén a Marcela: “acórdaste?”, “acordo”.

Polo tanto, debemos asumir que “os collós” son un elemento intencionalmente destacado e que a anécdota se presenta coa vontade de promover o riso no grupo conversacional. A este respecto, Pujolar (1997) e Álvarez-López (2003) destacan entre as funcións do humor masculino a creación de vínculos en termos de camaradería. Como consecuencia, o humor reforzaría o grupo conversacional e faría que emerxan non só a masculinidade senón tamén a amizade, tal e como veremos. Cabería pensar, que existe unha relación directa entre o elemento destacado e a reacción masculina de “matar o porco” porque simultaneamente contribúen a reforzar o carácter humorístico do fragmento. Pois ben, se o problema

non reside na mirada senón no lugar a onde se dirixe podemos tamén hipotetizar algúns discursos arredor de como debe ser a posición feminina e, por extensión, o estadio ao que denominamos “iniciación”.

A “iniciación” de Marcela identifícase con mirar, unha acción que por definición sería indirecta porque non establece ningún contacto explícito con Amadeo. Non obstante, focalizar esa actividade nos xenitais masculinos, pode ser interpretado como un reclamo de tipo sexual. Tal e como se expresa no fragmento, esta parece ser a interpretación que mostra o grupo conversacional e que se emprega ao servizo do reforzo da camaradería facendo uso do humor. Como consecuencia, a mirada de Marcela non só se presenta como un sinal para que se produza o flirteo senón que ademais anticipa a resolución de todo o proceso de ligue ao mostrar aceptación. Así, se nesa mirada xa podemos detectar a resolución por ser demasiado directa, dalgunha maneira tamén se minimiza a importancia masculina no proceso do ligue porque a negociación intrínseca ao “flirteo” xa non é tan necesaria.

4.4. Matar o porco e a axencia masculina

Podemos concluír que o estadio da “iniciación” se define ideoloxicamente por ser indirecto e se contrapón ao do “flirteo”, de carácter directo, porque nel se produce o encontro e negociación para obter unha resposta no momento da “resolución”. A súa distribución en función dos sexos sería coherente con discursos hexemónicos que prescriben a claridade e a concisión masculina en detrimento do “dicir sen dicir” feminino ou que defenden a incompreensión entre homes e mulleres por posuír eses dous patróns diferenciados (Tannen 1991, 1994). Neste caso asistimos ao exemplo dunha rapaza que é máis directa do que socialmente lle correspondería e iso non só provoca o riso no relato senón que tamén garda relación coa primeira negativa de Amadeo.

Se a insinuación é o que define a feminidade e a axencia a masculinidade dentro do esquema que acabamos de debuxar, aceptar un reclamo feminino demasiado explícito sen que se produza a axencia masculina suporía un problema en termos de afirmación heterosexual para Amadeo, especialmente se temos en conta que esta circunstancia se produce nun contexto de exposición pública ante os amigos. A inesperada incitación feminina comprométeo e obrígao a mostrar a súa identidade sexual aceptando o reclamo como se se tratase dunha proba de

masculinidade. A obrigatoriedade da aceptación está relacionada con discursos hexemónicos arredor da potencia sexual que teñen que ver coa idea de que os homes sempre están dispostos a ter sexo a menos que exista algún problema evidente co obxecto de ligue. Basanta (2014) esbozou isto mesmo analizando unha conversa na que un grupo de tres homes adultos constrúe masculinidade a través da potencia sexual e a axencia no ligue criticando a mulleres que non aceptaron ter sexo con eles servíndose da metáfora do cazador que non caza.

Non obstante, tal e como xa apuntamos, a mirada directa de Marcela provoca que a aceptación de Amadeo presente algúns problemas. Semella que calquera reacción é potencialmente conflitiva porque, se non, non habería a necesidade de “facerse o despistado” e moito menos de “matar o porco” despois. Sería suficiente con expresar o rexeitamento ou a aceptación dunha maneira máis ou menos evidente desde o primeiro momento. Polo tanto, “facerse o despistado” implica buscar unha solución que permita non ter que responder, entre outras cousas, porque o grupo de pares foi espectador do feito e, como consecuencia, da problemática para a proxección da masculinidade. Por ese motivo, unha vez que a mirada cesa e se minimiza o dilema ao que Marcela o conduce, Amadeo pode “matar o porco”, isto é, culminar unha acción da que el agora si é axente. Así, adscríbese unha vez máis ao rol da axencia e tamén da potencia sexual, unha circunstancia que é celebrada polo grupo conversacional a través do humor: “hasta que dixo: “E logo que carallo! Vou aí e boto!” (risas)”.

Esta idea da acentuada receptividade masculina ante o ligue tamén pode deducirse da propia metáfora “matar o porco” porque está claro que non mostra ningunha expresión de afecto senón de achegamento máis ou menos sexual. Esta circunstancia non é menor porque, tal e como xa comentamos, “aproveitar o tempo” en termos de obter un beneficio sexual é o idóneo durante a mocidade porque non impide reincidir na acción do ligue, que é aquilo que define os individuos dentro dunha etapa vital. Alén diso, a posibilidade de repetir unha e outra vez o flirteo tamén contribúe a alimentar a proxección identitaria da masculinidade desde a potencia sexual.

Para alén diso, a metáfora de “matar o porco” está ao servizo da construción de clase e etnicidade. Desde unha perspectiva antropolóxica, a matanza é unha actividade que foi fundamental para a economía e a supervivencia das familias galegas, xa desde a Idade Media e especialmente durante a guerra civil (Mariño Ferro 2000). Na actualidade, aínda se mantén en contextos rurais xerando un ri-

tual sociocultural que foi analizado por Gestido e Acuña (2009) desde a perspectiva da Etnografía da Comunicación. A relevancia desta práctica pode avaliarse tendo en conta algunhas consecuencias como foi a súa acentuada tematización na literatura popular a través de contos, refraneiros ou coplas (Álvarez Blázquez 1972) ou mesmo a aparición dunha profesión asociada a ela como a do matachín itinerante, que non se atopa para o sacrificio doutros animais. Non menos indicativas son as numerosas festas gastronómicas galegas que aínda se manteñen e que están directamente vinculadas coa carne porcina, ás que debemos engadir a idealización do lacón con grelos como o prato por excelencia.

Tendo en conta isto, podemos concluír que a dita metáfora describe a Amadeo como un suxeito activo durante o ligue e reforza a súa potencia sexual identificándoo coa figura tradicional do home matador de porcos. En última instancia, podemos establecer un correlato entre o ligue e esta metáfora obviando o estadio da “iniciación” e centrándonos na axencia masculina. Criar o porco é unha actividade que require tempo e se realiza coa finalidade de obter un beneficio logo da mata. O mesmo acontecería co flirteo e a resolución en termos de aproveitamento sexual.

Para podermos entender o posicionamento de clase e etnicidade, debemos ter en conta que estamos a analizar unha anécdota localizada na Galiza rural dos anos 80. Como consecuencia, vemos que se establece un correlato entre clase baixa, ruralidade e galeguidade. Esta idea non só pode inferirse a partir do tratamento dunha práctica como a matanza do porco senón especialmente a través da delimitación dunha localización rural moi pormenorizada. Fálase dun contorno no que hai “carreteras pós corzos” ou “camiños” e ademais localízase o lugar de ligue no río. Tamén a clase será importante e de aí que apareza a referencia ao matador de porcos e tamén ao bañador “medio esfarrapado” que condiciona que Marcela fixe a mirada nos xenitais de Amadeo.

4.5. O código ético e potencia sexual

A continuación presentamos un extracto que recolle a historia de Aurelio, un mozo ao que os seus amigos enganaron ao concertarlle unha cita cunha rapaza moito máis nova ca el. O resultado foi de sorpresa ao decatarse de que a nena que vía pasear pola rúa era a mesma que o requiría. A idade motivou que se negase a flirtear con ela mais non renunciou á posibilidade de facelo pasados algúns anos.

Extracto 4: “Come e medra”

- 58 Amadeo ¿como fora aquilo de {<nome propio> aurelio} | cuando lle dixo a: |
 59 a {<nome propio> xulia}? || dice "come e xa volverei pa onda ti" |
 60 ¿como fora aquilo? || que eu sonába-me aquilo pero || pero non sei: ||
- 61 Lourenzo e: fora: ||
- 62 Amadeo ¡que tu sábe-lo ben! ||
- 63 Lourenzo entre {<nome propio> xoán} || entre {<nome propio> xoán} || e:
 64 | {<nome propio> pepe} || eu non sei || falaran co ela || eu non:
 65 | me acordo mui ben como fora | eu: ||
- 66 Amadeo porque ela | era a {<nome propio> xulia} pero || a da {<nome propio>
 67 filomena}¿non? | a que está casada no <incomprensíbel> ||
- 68 Nemesio no | era do {<nome propio> francisco} ||
- 69 Amadeo ou era a da: | a do: {<nome propio> francisco?} ||
- 70 Nemesio si | eu creo que si ||
- 71 Amadeo ¿era da {<nome propio> filomena}? ||
- 72 Lourenzo era: || eu non sei se era da: | {<nome propio> filomena} | se era: |
 73 das do {<nome propio> francisco} | non me acordo || bueno: ||
- 74 Amadeo pero ela dice a {<nome propio> xulia} que está | aí: | casada ca: | de
 75 {<nome propio> facundo} || si | si | si | si ||
- 76 Lourenzo si | a que está aí en: || ó pé da casa de {<nome propio> fernando}||
 77 inda a vin o outro día que non | non a conecía e a vin en | <in-
 78 comprensíbel> ||
- 79 Amadeo ¿ela que era | unha meniña? ||
- 80 Lourenzo i-ahora | eu: | el ||
- 81 Nemesio ela: ¿non viña comigo? ||
- 82 Lourenzo el con que te# | el ten || entre {<nome propio>xoán} ou é: | {<nome
 83 propio> pepe} || e {<nome propio> xoán} || el {<dúbida> m:}
 84 || concertáron-lle unha cita así medio a: || a cegas || dixéron-lle
 85 a {<nome propio> aurelio} | que a rapaza quería estar co el ou
 86 non sei que || e: | dixéron-lle a tal hora | sále-che: | alí á entrada
 87 de {<nome de lugar> <incomprensíbel>} | e: || e: || a tal hora
 88 quedou-che a esperar alí non sei que || e: | {<nome propio> au-
 89 relio} chegou alí: | viu | bueno pensou que sería xa máis ou
 90 menos unha: | rapaza grande | unha chavala || hasta que era unha
 91 rapacica | aínda | chegou alí e díce-lle | {<apelación> “oi” nena” ||

- 92 Nemesio e | eí | pásas-te algo || el chegou alí || i-a rapaza andaba paseando
93 | carretera arriba e carretera abaixo ||
- 94 Lourenzo <incomprensíbel> ||
- 95 Nemesio e {<nome propio> aurelio} | no coche esperando a que viñese ||
96 unha moza (risas) ||
- 97 Amadeo unha moza ||
- 98 Lourenzo {<valoración> ai} | si ||
- 99 Nemesio (risas) || {(risas) sigue} | que: ||
- 100 Lourenzo {(risas) unha moza} || hasta que: || {<dúbida> m;} | hasta que colleu
101 e lle preguntou | ou algo | e díxo-lle que era ela || e díxo-lle | "pois
102 {<valoración> ala} querida | vai e come e medra" (risas) ||
- 103 Nemesio e | e dixo | "e despois | chámas-me | cuando crezas chámas-me"
104 (risas) ||
- 105 Amadeo si: | eu: oíra aquilo que ||
- 106 Lourenzo "chámas-me" (risas) ||
- 107 Amadeo que claro | que lle dixo || "porque tal" | digo ";tal e cual" ||
- 108 Nemesio {<valoración> oh} ||
- 109 Amadeo díxen-llo eu | ese son eu ||
- 110 Nemesio <incomprensíbel> || e pos ||
- 111 Amadeo dixo | {<valoración> ah} | pois <incomprensíbel> || "marcha pá casa
112 e come ben | e crece | e cuando crezas ||
- 113 Nemesio (risas) ||
- 114 Amadeo mánda-me razón que veño" ||
- 115 Lourenzo a rapaza fartába-se de pasear | pa un lado e pa outro ||
- 116 Nemesio <tose> ||
- 117 Lourenzo pa un lado e pa outro e: || e {<nome propio> aurelio} | non se daba:
118 | cuenta do hecho ||

Esta anécdota resulta interesante porque, tal e como veremos, actúa en paralelo á anterior ao visibilizar o sistema tripartito de ligue desde a problematización do suxeito feminino e/ou a súa axencia. Nesta ocasión, a “iniciación” tamén é realizada por unha muller que se caracteriza por “fartarse de pasear pa un lado e pa outro”. No extracto anterior, xustificabamos a necesidade da sutileza e o carácter indirecto que unicamente debía promover a axencia masculina para o flirteo.

Non obstante, agora o paseo non supón un problema para a realización do ligue porque, aínda que se destaca discursivamente a insistencia a través do verbo “fartarse”, en ningún momento hai unha apelación susceptible de ser interpretada como un reclamo sexual demasiado explícito. De feito, se no extracto anterior se identificaba inmediatamente a historia polo lugar cara a onde Marcela dirixía a mirada, nesta ocasión é a resposta de Aurelio o salientábel “Como fora aquilo de Aurelio? Cuando lle dixo a Xulia, dice: come e xa volverei pa onda ti”. Neste caso tampouco se produciu o paso ao flirteo mais os motivos son diferentes. Tal e como xa comentamos ao inicio da nosa análise, os discursos sobre o ligue parecen prescribir a existencia dunha idade máis ou menos idónea para que se produza. Até o momento avaliamos o rango superior que permitía distinguir entre a idade adulta e a mocidade. Non obstante, agora observamos que existe tamén un límite pola parte inferior que opón unha “rapaza grande, chavala, moza” a unha “meniña” ou “rapacica”.

En termos de proxección identitaria, a demarcación destes ítems léxicos permítelles establecer unha fronteira entre eles como rapaces novos que ligaban e esa “rapacica” que se caracteriza pola súa escasa idade. Así é como constrúen non só etapa vital senón tamén unha serie de valores arredor dela porque o código ético que delimita as franxas etarias semella impedir que un home ligue cunha rapaza demasiado nova. Segundo iso, os membros do grupo conversacional proxéctanse como aqueles que “son” en tanto que “foron” respectuosos. Existe un correlato entre a adopción de códigos éticos, madurez e idade que implicitamente tamén observamos neste fragmento. A historia pode entenderse como o desafío dun grupo de homes que provocan un enredo deliberado a Aurelio ao saber que a rapaza é demasiado nova para ligar con el. A finalidade sería observar a resposta masculina porque, tal e como dixemos, iso era o que caracterizaba a anécdota.

En boa medida, a rapaza é enganada por causa da súa inocencia: “non se daba cuenta do hecho”. A súa acción permítenos detectar discursos arredor da nenez, unha etapa vital fronte á que eles se definen ao teren picardía dabondo. Alén diso, tamén nos permite corroborar unha vez máis a existencia do estadio da “iniciación” porque queren desafiar a Aurelio mais precisan que Xulia inicie a acción co seu paseo insistente para ver se o ligue se produce unha vez que el decide se tornarse ou non axente.

Neste mesmo sentido debemos entender a resposta “come e medra” porque denota un posicionamento paternal e que, polo tanto, non só indexa etapa vital superior senón tamén maior madurez. Alén diso, esta resposta vaille servir a Aurelio para mostrarnos, unha vez máis, discursos arredor da potencia sexual. Da mesma maneira que no extracto anterior, a negativa masculina sempre presenta algún tipo de problema porque choca directamente coa ideoloxía de que os homes sempre queren ter sexo. Nesta ocasión, a idade da rapaza constitúe un impedimento mais vai ser precisamente esa expresión paternal a que permita unha proxección dentro dos valores hexemónicos de masculinidade. Se ben Aurelio mostra unha negativa ante unha rapaza que pasea —e polo tanto provoca— insistentemente, hai unha disposición futura “Cuando crezas mándame razón que veño [...] e despois chámame. Cuando crezas chámame”. Desta maneira, os participantes da conversa presentan a Aurelio como un arquetipo de home que sempre vai querer ter sexo unha vez que o problema —neste caso a etapa vital— desapareza.

Cando falabamos da resolución distinguíamos entre “pasar o tempo ou aproveitalo” e, dentro do aproveitamento, o amor ou o encontro estritamente sexual. Unha vez máis, nesta historia tampouco parece que a resolución estea vinculada a ningún tipo de emparellamento amoroso porque non hai ningunha mostra de afecto en pedirlle a unha rapaza que “coma e medre” como tampouco a había na expresión de “matar o porco” coa que identificaban o encontro de Amadeo e Marcela. Non obstante, non parece que se trate de relatos nos que se exemplifica a práctica de “pasar o tempo” porque sempre se destaca a futura aceptación logo de que desaparece o problema que lles impide mocear.

No Extracto 2, estableceíase unha distinción en función destas dúas finalidades que lles servía para construír etapa vital distinguíndoos dos rapaces novos polas prácticas de ligue que eles empregaron —e agora xa non empregan. Comentabamos que a diferente preferencia era o que os definía desde a perspectiva etaria e a práctica de ambas desde a masculinidade. Logo de analizar estes dous extractos podemos hipotetizar que a distinción se establece entre eles que “aproveitaban o tempo” —en tanto a que sempre remataban “matando o porco” ou tiñan disposición de facelo— en contraposición aos rapaces novos que, por oposición, parece que só o “pasan”. Dalgunha maneira isto constitúe un reforzo da súa masculinidade porque o aproveitamento mediante a obtención dos

beneficios sexuais destaca a potencia e ao mesmo tempo non lles impide deixar de practicar reiteradamente o ligue como actividade que define a súa mocidade. Poderíamos concluír que así é como se definen a si mesmos en base ao que foron e por oposición ao que outros son agora.

4.6. (Re)definicións entre o pasado e o presente

O último extracto que presentamos constitúe unha metareflexión identitaria na que explicitamente se colocan a si mesmos dentro dun contexto de cambio. Esta idea permítenos destacar a importancia dos posicionamentos discursivos e a súa relevancia contextual mais tamén nos alerta de que estas construcións non se realizan no baleiro.

Extracto 5: A evolución da vida

118 Amadeo mutas cousas || mutas costumbres || fáino-las cambiar | a: a situación
 119 || i-a | i-a propia evolución da | da: | da vida | ¿non? || a todo isto | hai
 120 un coche e marcha tal cual || agora | somos máis individuais pero eu
 121 penso que a juventú || que é máis sincera ca antes || antes || facía-las
 122 cousas aparentando que non || agora fain-as á vista unhos dos outros |
 123 non pasa nada ||
 124 Nemesio <click> bueno ||
 125 Amadeo bueno || ter tamén algo de vergonza que eu: | non a teño pero bueno ||

As sociedades mudan e con elas “mutas costumbres” así como os propios posicionamentos do individuo que se alteran “coa evolución da vida” e incluso polo contexto máis situacional. Antes viamos como a fronteira do aproveitamento do tempo separaba o presente do pasado, aquilo que foron do que agora outros son. Esa idea refórzase coa de que non só agora “pasan o tempo” senón que o aperturismo social da modernidade permite que sexan máis directos e non lles importe facelo sen pudor: “Ahora fainas á vista unhos dos outros. Non pasa nada”.

Non obstante, o verdadeiramente interesante deste fragmento é a aliñación que introducen con respecto a eses homes novos cando din que “somos máis individuais”. Ese grupo, formado por eles mesmos e os rapaces que mocean agora, oponse ao que eles foron nun pasado precisamente porque a sociedade cambiou e eles tamén. Así é como os discursos sobre cambio social permiten que se produ-

zan simultaneamente dúas construcións aparentemente contraditorias. Por unha banda, permítelles distanciarse dos rapaces novos e desa maneira construír etapa vital como adultos ao destacar que as “maneiras” cambiaron. Ao mesmo tempo, tamén lles serve para aliñarse no presente con eses rapaces novos establecendo unha oposición a respecto do que eles foron ao destacar un carácter individualista que sería o que os define desde o presente.

5. CONCLUSIONES

Este traballo insírese na liña dos que defenden a dependencia contextual e relacional das identidades. Por este motivo, unha análise discursiva das conversas permite observar como as persoas xogan cos seus posicionamentos atendendo a finalidades e contextos moi diferentes. Isto fai que poidamos observar como se adaptan ou non ás ideoloxías hexemónicas e ao mesmo tempo mostrar que están presentes nas nosas conversas cotiás e pasan desapercibidas, en moitas ocasións, da mesma maneira que o fai para nós a súa aprendizaxe.

Neste caso quixemos deternos na construción das identidades de xénero apostando por unha perspectiva que relativiza as categorías de masculinidade desde o construcionismo social ao destacar que no decorrer das nosas prácticas culturais o principio relacional fai que se definan en base a ideoloxías moi diferentes até o punto de crearen conflitos, tal e como viamos no dilema de Amadeo ante a mirada directa de Marcela. Isto provoca que sexan necesarios reaxustes e, como consecuencia, mudanzas discursivas que oscilan entre facerse o despistado, matar o porco ou esperar a que unha moza medre.

O noso traballo en ningún momento ten vontade censora ou de crítica ante as opinións ou as construcións identitarias que aparecen nas conversas porque o que suscita maior interese para nós é a delimitación dos mecanismos indexicais. Alén diso, a negociación dos roles e a deconstrución do ser fai que non poidamos asumir como verdades identitarias ningunha das proxeccións que aquí se presentan. En última instancia, o relevante é a función discursiva que cumpren e a posibilidade que nos ofrecen de comprender ideoloxías e patróns culturais. Son, polo tanto, as ideoloxías e os patróns o único que debe ser obxecto de cuestionamento crítico.

Nesta ocasión, observamos como a identidade de xénero emerxe vinculada ao cambio xeracional a partir do tratamento temático de mudanzas ideolóxicas

arredor do que significa ser un home dentro da actividade do ligue. Máis concretamente asistimos a redefinicións nas que a etapa vital ocupa un lugar central e permite o xogo entre o que estes homes consideran que foron en contraposición ao que agora son, eles e outros. Necesariamente a dita resignificación axuda a defender a hipótese da deconstrución das categorías por ser evidente o seu constante reaxuste, destacando que sobre elas operan ideoloxías que tamén se van modificando. En última instancia, este traballo mostra que detectar as ideoloxías é unha maneira de entender as nosas prácticas lingüísticas e incide en que os cambios sociais son tan reais como mediados e construídos discursivamente.

CONVENCIÓNS DE TRANSCRICIÓN

1. Todos os nomes propios que aparecen son pseudónimos.
2. En liñas xerais, empregamos os criterios de transcripción do proxecto CORILGA (García-Mateo *et al.* 2016) do Instituto da Lingua Galega. O modelo de lingua que se transcribe é fiel ao texto oral e por ese motivo non substituímos as formas dialectais ou de realización sistemática da fala. Non obstante, a funcionalidade para a recuperación da información nos buscadores fai que nalgúns casos nos afastemos da representación ortográfica habitual, tal e como acontece nos clíticos do pronome persoal ou nos alomorfos -lo(s), la(s), -no(s), -na(s) que aparecen separados mediante un guión. Exemplo: deixáron-o, conócen-se.
3. Alongamento dun son: : :: :::
4. Corte abrupto no medio dunha palabra: texto afect#
5. Pausa breve ou mediana: | ou ||
6. Fenómenos non simultáneos con elementos verbais: ()
7. Fenómenos simultáneos con elementos verbais: {(fenómeno) texto afectado}
8. Discurso directo reproducido: “texto afectado”
9. Comentarios da transcritora: < >
10. Fragmento de transcripción omitido: [...]

AGRADECEMENTOS

Agradézolle a Xosé Luís Regueira a lectura e as observacións feitas a unha versión previa deste artigo. Tamén quero darlles as grazas a Belén Rodríguez Fernández por axudarme a recadar o corpus e a todas as persoas que participaron nas conversas pola confianza depositada. Finalmente, tamén me gustaría agradecer os comentarios e suxestións de dous revisores ou revisoras anónimas que contribuíron a mellorar significativamente este traballo.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ACUÑA-FERREIRA, Virginia / Sonia ÁLVAREZ-LÓPEZ (2003): “An interdisciplinary perspective on language and gender”, *Estudios de Sociolingüística: Linguas, Sociedades e Culturas* 4.2, i-xvi.
- ACUÑA-FERREIRA, Virginia (2011): *La realización de quejas en la conversación femenina y masculina. Diferencias y semejanzas en el habla cotidiana de las mujeres y los hombres*. Munich: Lincom.
- ÁLVAREZ-LÓPEZ, Sonia (2003): “Functions and strategies of male humour in cross-gender interactions”, *Estudios de Sociolingüística* 4.1, 173-205.
- ÁLVAREZ BLÁZQUEZ, Xosé María (1972): *O libro do porco*. Vigo: Castrelos.
- ANTAKI, Charles / Michael BILLIG / Derek EDWARDS / Jonathan POTTER (2003): “Discourse analysis means doing analysis: A critique of six Analytic shortcomings”, *Discourse Analysis Online*, 1, 1 <<http://www.shu.ac.uk/daol/previous/v1/n1/index.htm>>.
- ATKINSON, Robert (1998): *The Life Story Interview*. London: Sage.
- BASANTA, Noemi (2014): “(Re)presentar as identidades: a construción discursiva do xénero na conversación”, *Estudos de Lingüística Galega* 6, 29-5.
- BENWELL, Bethan / Elizabeth STOKOE (2011): *Discourse and identity*. Edinburgh: Edinburgh University Press.
- BOURDIEU, Pierre (1991): *Language and symbolic power*. Cambridge: Polity Press.
- BUCHOLTZ, Mary (2003): “Theories of discourse as theories of gender: discourse analysis in language and gender studies”, en Janet Holmes / Miriam Meyerhoff (eds.), *The handbook o language and gender*. Oxford: Blackwell, 43-68.
- BUCHOLTZ, Mary / Kira HALL (2005) “Identity and interaction: a sociocultural linguistic approach”, *Discourse Studies* 7, 4-5, 585-614.
- BUTLER, Judith (1990): *Gender trouble: feminism and the subversion of identity*. New York: Routledge.
- CAMERON, Deborah (1997): “Theoretical debates in feminist linguistics: questions of sex and gender”, en Ruth Wodak (ed.), *Gender and discourse*. London: Sage, 21-36.
- CAMERON, Deborah (1998): “Performing gender identity: young men’s talk and the construction of heterosexual masculinity”, en Jennifer Coates (ed.), *Language and gender: a reader*. Oxford: Blackwell, 270-284.
- CAMERON, Deborah (2005): “Language and its discontents: language, gender and pragmatics”, *Intercultural Pragmatics* 2-3, 321-334.
- COATES, Jennifer (1991): *Women, men and language: a sociolinguistic account of gender differences in language*. London: Longman.

- COATES, Jennifer (2003): *Men talk*. Malden, Ma: Blackwell Publishing.
- COATES, Jennifer (2013): *Women, men and everyday talk*. Londres: Palgrave Macmillan.
- DE FINA, Anna (2009): "From space to spatialization in narrative studies", en James Collins / Stef Slembrouk / Mike Baynham (eds.), *Globalization and language in contact*. New York: Continuum, 109-128.
- ECKERT, Penélope / Sally McCONNEL-GINET (1992): "Think practically and look locally: language and gender as community-based practice", *Annual Review of Anthropology* 21, 461-490.
- ECKERT, Penelope (1997): "Age as a sociolinguistic variable", in Florian Coulmas (ed.), *The handbook of sociolinguistics*. Oxford, UK: Blackwell, 151-167.
- FAIRCLOUGH, Norman (1995): *Critical discourse analysis. The critical study of language*. London: Longman.
- FAIRCLOUGH, Norman (2003): *Analysing discourse. Textual analysis for social research*. London: Routledge.
- FOUCAULT, Michel (1972): *The archeology of knowledge*. London: Routledge.
- GARCÍA MOUTON, Pilar (1999): *Cómo hablan las mujeres*. Madrid: Arco-Libros.
- GARCÍA-MATEO, Carmen / Antonio CARDENAL / Xosé Luís REGUEIRA FERNÁNDEZ / Elisa FERNÁNDEZ REI / Marta MARTÍNEZ / Roberto SEARA / Rocío VARELA / Noemi BASANTA (2016): "CORILGA: a Galician Multilevel Annotated Speech Corpus for Linguistic Analysis", en Nicoletta Calzolari / Khalid Choukri / Thierry Declerck / Hrafn Loftsson / Bente Maegaard / Joseph Mariani / Asuncion Moreno / Jan Odijk / Stelios Piperidis (eds.), *LREC 2014, Ninth International Conference on Language Resources and Evaluation. Proceeding (Reykjavik, 2014)*, 2653-2657.
- GESTIDO, Eloi / Ana ACUÑA (2009): "A matanza: aproximación etnográfica e comunicativa" en Gabriel Rei-Doval (ed.), *A lingüística galega desde alén mar*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 133-156.
- GOFFMAN, Ervin (1961) *Asylums: essays on the social situation of mental patients and other inmates*. New York: Doubleday Anchor.
- GOFFMAN, Ervin (1969): *Presentation of self in everyday life*. London: Allen Lane
- GRAD, Héctor / Luísa MARTÍN ROJO (2008): "Identities in discourse: an integrative view", en Rosana Dolón / Júlia Todolí (eds.), *Analysing identities in discourse*. Amsterdam / Philadelphia: John Benjamins, 3-28.
- GUMPERZ, John J. (1982a): *Discourse strategies*. Cambridge: Cambridge University Press.
- GUMPERZ, John J. (ed.) (1982b): *Language and social identity*. Cambridge: Cambridge University Press.
- HOLMES, Janet (2007): "Social constructionism, posmodernism and feminist sociolinguistics", *Gender and Language* 1, 51-66.
- JOHNSON, Sally / Ulrike HANNA MEINHOF (eds.) (1997): *Language and masculinity*. Oxford, Blackwell.
- JOSEPH, John (2010): "Identity", en Carmen Llamas / Dominic Watt (eds.), *Language and identities*. Edinburgh: Edinburgh University Press, 9-17.
- LABOV, William (1966): *The social stratification of English in New York City*. Washington, DC: Center for Applied Linguistics.
- LAVE, Jean / Etienne WENGER (1991): *Situated learning: legitimate peripheral participation*. Cambridge: Cambridge University Press.
- LIVIA, Anna / Kira HALL (1997): "'It's a girl!': Bringing performativity back to linguistics", en Anna Livia / Kira Hall (eds.), *Queerly phrased: language, gender, and sexuality*. New York: Oxford University Press, 3-18.
- LLAMAS, Carmen / Dominique WATT (eds.) (2010): *Language and identities*. Edinburgh: Edinburgh University Press.
- MARIÑO FERRO, Xosé Ramón (2000): *Antropoloxía de Galicia*. Vigo: Xerais.

- MEYERHOFF, Miriam (1996): "Dealing with gender identity as a sociolinguistic variable", en Victoria L. Bergvall / Janet M. Bing / Alice F. Freed (eds.), *Rethinking language and gender research: Theory and practice*. London: Longman, 202-27.
- MILANI, Tommaso (ed.) (2015): *Language and masculinities: performances, intersections, dislocations*. London: Routledge.
- MILLS, Sara (2011): *Language, gender and feminism: Theory, Methodology and Practice*. New York: Routledge.
- OCHS, Elinor (1992): "Indexing gender", en Alessandro Duranti / Charles Goodwin (eds.), *Rethinking context: Language as interactive phenomenon*. Cambridge: Cambridge University Press, 335-358.
- PICHLER, Pia (2009): *Talking young femininities*. United Kingdom: Palgrave Macmillan.
- PREGO-VÁZQUEZ, Gabriela (2003): "¿De onde es?, ¿de quen es? Local identities, discursive circulation, and manipulation of traditional Galician naming patterns", *Estudios de Sociolingüística* 4.1, 229-253.
- PUJOLAR, Joan (1997): *De què vas, tio?* Barcelona: Empúries.
- SANTAEMILIA, José / Beatriz GALLARDO / Julia SANMARTÍN (eds.) (2002): *Sexe i llenguatge: la construcció lingüística de les identitats de gènere*. Valencia: Universitat de València.
- SILVERSTEIN, Michael (1976): "Shifters, Linguistic Categories and Cultural Description", en Keith H. Basso / Henry A. Selby (eds.), *Meaning in Anthropology*. Albuquerque: University of New Mexico Press, 11-55.
- TAJFEL, Henri / John TURNER (1979): "An integrative theory of intergroup conflict", en William G. Austin / Stephen Worchel (eds.), *The social psychology of intergroup relations*. Monterey, CA: Brooks/Cole, 33-47.
- TAJFEL, Henri / John TURNER (1986): "The social identity theory of intergroup behaviour", en Stephen Worchel / William G. Austin (eds.), *Psychology of Intergroup Relations*. Chicago, IL: Nelson-Hall, 7-24.
- TANNEN, Deborah (1991): *You just don't understand: women and men in conversation*. London: Virago.
- TANNEN, Deborah (1994): *Gender and discourse*. New York / Oxford: Oxford University Press.
- VAN DJIK, Teun (1993): "Principles of critical discourse analysis", *Discourse & Society* 4(2), 249-283.
- VIGARA TAUSTE, Ana María / Rosa María JIMÉNEZ CATALÁ (eds.) (2002): "*Género*", *sexo, discurso*. Madrid, Laberinto.
- WENGER, Etienne (2000): *Communities of Practice*. Cambridge: Cambridge University Press.
- WETHERELL, Margaret (1998): "Positioning and interpretive repertoires: conversation analysis and post-structuralism in dialogue", *Discourse and Society* 10 (3), 293-316.

